

# PRINCE2 Foundation (T4)

## Descrición

PRINCE2 é un enfoque estruturado que se publicou en 1996 como un método xenérico para a xestión de proxectos. Combina a metodoloxía orixinal PROMPT (“Project Organisation, Management & Planning Techniques”), desenvolvida por Simfact Systems Ltd. e adoptada polo Goberno Británico, co MITP de IBM (Xestión da Implementación do Proxecto Total).

PRINCE2 céntrase en definir e entregar produtos cuxa calidade se axuste aos requisitos. Define que un proxecto é exitoso cando está orientado á entrega a través da creación dun conxunto de produtos acordados que definen o alcance do proxecto, brindando unha base para a planificación e o control.

Describe como coordinar ás persoas e ás actividades, como deseñar e supervisar a entrega do produto, e que facer se o produto, e polo tanto o alcance do proxecto, necesita axustarse no caso de que non se axuste ao planificado.

Á finalización do curso os asistentes poden realizar o exame de certificación.

## Dirixido a:

PRINCE2 Foundation está pensada para as persoas que queren iniciarse no mundo da Xestión de Proxectos seguindo a metodoloxía de PRINCE2.

Este curso é de utilidade para todos os membros dun equipo de proxecto (administradores, coordinadores, xestores), directores de proxectos e directores de programas.

Debido á natureza xenérica deste curso, tamén é adecuado para persoal de soporte, e para aqueles que desexan obter o recoñecemento formal das súas habilidades mediante o exame de Fundamentos de PRINCE2.

Acredita que quen a obtén coñece os elementos fundamentais (principios, temáticas e procesos) de PRINCE2.

## Obxectivos

- Comprender a necesidade da existencia da Xestión de Proxectos e como PRINCE2 cumpre con ese requisito
- Entender o modelo de proceso de PRINCE2
- Preparar plans de proxecto utilizando técnicas de planificación baseadas en produtos e realizar análises e xestión de riscos para o proxecto
- Preparar a información para a súa inclusión nun Documento de Inicio de Proxecto
- Comprender as técnicas para a xestión do desenvolvemento de produtos, control de calidade e control de cambios
- Levar a cabo o exame de certificación de Fundamentos de PRINCE2:
  - 1 hora de duración
  - 75 preguntas, das cales 70 puntúan e 5 son de ensaio (non puntúan)
  - Formato de selección múltiple (varias posibles respostas das cales só unha é válida)
  - Necesítase un mínimo de 35 acertos para aprobar (50 %)
  - Non se permiten libros, apuntamentos ou dispositivos electrónicos

## Perfil do docente

- Formación Académica
  - o Enxeñeiro Técnico en Topografía
- Perfil Profesional
  - o Consultor/Formador Acreditado en PRINCE2 Practitioner
  - o Consultor/Formador Acreditado Experto en ITIL
  - o Certificado ISO 20000 e ISO 27000
  - o Formador en diferentes áreas Tecnolóxicas e de Negocio
  - o Coordinador de plans formativos
- Experiencia Profesional
  - o Máis de 20 anos de experiencia profesional en TI
  - o Máis 10 anos en labores relacionados coa Xestión de proxectos
  - o Máis de 1000 horas de formación en PRINCE2

<b>DURACIÓN</b>	24 horas
<b>PROGRAMA</b>	Programación 2018/19
<b>MATRÍCULA</b>	Gratuíta
<b>METODOLOXÍA</b>	Presencial

## PRINCE2 Foundation (T4)

<b>TIPO</b>	CURSO
<b>CERTIFICACIÓN OFICIAL</b>	Sí
<b>EXAME CERTIFICACIÓN</b>	Fundamentos de PRINCE2
<b>BENEFICIOS</b>	
<b>HORARIO</b>	De luns a venres de 16:00 a 20:50 horas.
<b>PERIODO INSCRIPCIÓN</b>	23/10/2018 - 04/11/2018
<b>PROBA DE SELECCIÓN</b>	06/11/2018, 16:30
<b>PERIODO DOCENCIA</b>	19/11/2018 - 23/11/2018
<b>LUGAR DE DOCENCIA</b>	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
<b>Nº PRAZAS</b>	20 (Mínimo 10)

## Temario

- Visión xeral
  - Principios e adaptación de PRINCE2 á contorna do proxecto
- Temáticas de PRINCE2
  - O Caso de Negocio
  - Organización
  - Calidade
  - Planificación
  - Riscos
  - Cambios
  - Progreso
- Procesos de PRINCE2
  - Posta en marcha dun proxecto
  - Dirección dun proxecto
  - Inicio dun proxecto
  - Control dunha fase
  - Xestión dos límites de fase
  - Xestión da entrega de produtos
  - Peche dun proxecto